



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TECNOLOXÍA 3º CURSO ESO.

## 1 Contido

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TECNOLOXÍA 3º CURSO ESO.....	1
2 CONTEXTUALIZACIÓN E DATOS XERAIS.....	2
3 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....	2
4 ESTRUCTURACIÓN DA APRENDIZAXE. SECUENCIAS DIDÁCTICAS.....	3
4.1 Secuencia didáctica SD1: CREAR UNHA ILUSIÓN ÓPTICA NO COLEXIO .....	3
4.2 Secuencia didáctica SD2: ESCALAMOS NO ROCÓDROMO COAS NOSAS PRESAS .....	5
4.3 Secuencia didáctica SD3: UNHA BOMBA PARA OS ACUARIOS DO CENTRO.....	6
4.4 Secuencia didáctica SD4: ORGANIZAR A CIRCULACIÓN DO TRÁFICO .....	8
5 ADECUACIÓN AO CURRÍCULO .....	9
6 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	11
7 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	12
8 ACTIVIDADES DE REFORZO E DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.....	12
9 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	12
10 PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.....	12



## 2 CONTEXTUALIZACIÓN E DATOS XERAIS

O curso consta de 2 grupos pouco numerosos, polo que poderase acometer, sen problemas, proxectos que impliquen manipulacións delicadas ou que esixan especial atención por parte do profesor.

GRUPOS	ALUMNADO	PROFESORADO	H/SEMANA	ESPAZOS
3ºA	14	Luis Camilo Fernández Álvarez	2	Aula taller
3ºB	15		2	Aula de informática

## 3 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na CONCRECIÓN CURRICULAR DE CENTRO están establecidas as contribucións de cada área ou materia a cada unha das competencias clave. Os estándares de aprendizaxe organízanse segundo a competencia que se vai desenvolver. Deste xeito o perfil de área queda determinado, así como o perfil de competencia, onde reflíctese a contribución de cada área á consecución dunha competencia determinada.

Tamén diferenciamos os estándares máis competenciais, daqueles que sexan específicos de área e polo tanto, facilmente medibles polos mecanismos clásicos de avaliación. Para a avaliación destes estándares máis competenciais ou comúns a todas as áreas, están desenvolvidas unhas rúbricas de control para que, sexa o procedemento de avaliación que sexa, manterase sempre o mesmo o instrumento utilizado: a rúbrica. As rúbricas foron aprobadas polo claustro, e polo tanto son comúns a todas as áreas en todos os niveis, o que garante a homoxeneidade, equilibrio e obxectividade nos procesos formativos e avaliativos.

As propias rúbricas establecen os mínimos esixibles dos estándares aos que sexan de aplicación.



## 4 ESTRUTURACIÓN DA APRENDIZAXE. SECUENCIAS DIDÁCTICAS

### 4.1 Secuencia didáctica SD1: CREAR UNHA ILUSIÓN ÓPTICA NO COLEXIO

Nesta SD decoraremos o vestíbulo do centro cunha ilusión óptica pintada no chan. Coordinarémonos coa materia EPV tamén de 3º que terá que darlle cor a nosa figura.

EA	Actividades	Metodoloxía e recursos necesarios	Temporal.	Proced./ instrum. de avaliación
TEB1.2.1.	<p>Elaboración do plano dunha instalación do Centro</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Utilización dos instrumentos de debuxo</li> <li>-Problemas xeométricos sinxelos para mellorar a destreza, limpeza e precisión no debuxo técnico (mediatriz, triángulos, tanxencias básicas, exercicios de coordenadas).</li> <li>-Toma de medidas in situ.</li> <li>-Realización de bosquexo in situ.</li> <li>-Elección da escala máis axeitada.</li> <li>-Execución nun A4 cos datos no recadro requeridos.</li> </ul>	<p>Clase expositiva.</p> <p>Exercicios individuais na aula e autocorrección guiada polo profesor.</p> <p>Traballo colectivo de campo e individual na casa.</p>	5 sesións	Corrección final das láminas e do traballo mediante rúbrica.
TEB1.2.3.	<p>Proxeccións e sistemas de representación.</p> <p>Realización da figura proxectada no vestíbulo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Determinación da figura que proxectaremos e da súa posición óptima.</li> <li>-Explicación do sistema para a realización da proxección.</li> <li>-Proxección de puntos por grupos e unión dos mesmos mediante trazados.</li> <li>-Análise e conclusións do resultado.</li> </ul>	<p>Clase expositiva.</p> <p>Traballo en grupo de até 4 utilizando cordas, regra de 2 metros e rotuladores permanentes.</p> <p>Aplicación das texturas de cor na clase de Ed. Plástica</p>	<p>1 sesión</p> <p>3 sesións</p>	<p>Rúbricas da concreción curricular.</p> <p>Corrección final das láminas mediante rúbrica</p>
TEB2.1.1.	<p>Particularización na xénese do sistema diédrico. Vistas.</p> <p>Exercicios sinxelos de vistas</p> <p>Particularización na xénese das perspectivas de produtos técnicos.</p> <p>Exercicios sinxelos de perspectivas.</p>	<p>Clase expositiva.</p> <p>Exercicios individuais na aula e autocorrección guiada polo profesor.</p>	6 sesións	Corrección final das láminas mediante rúbrica



EA	Actividades	Metodoloxía e recursos necesarios	Temporal.	Proced./ instrum. de avaliación
TEB2.2.1 TEB5.2.1. TEB5.3.1. TEB5.3.2.	Reportaxe fotográfico en grupo da ilusión óptica. Elaboración dun traballo resumo da actividade incluíndo as imaxes fotográficas.	Traballo por parellas na aula de informática. Elaboración dunha infografía para a súa inclusión na web	3 sesións	

**18  
sesións**

RÚBRICA EXERCICIOS DE DEBUXO	4	3	2	1
<b>ORDE E LIMPEZA</b>	Debuxo limpo, co espazo ben calculado, resultado destacado	Debuxo limpo en xeral e centrado	Debuxo co espazo mal calculado. Algunha liña ou intersección fóra da área de debuxo. Falta de limpeza	Ausencia total de limpeza. Espazo moi mal repartido
<b>USO DOS ÚTILES E PRECISIÓN</b>	Utiliza ben as ferramentas facendo os trazados con precisión e paralelismo, as liñas coas minas axeitadas	En xeral utiliza ben as ferramentas. A maior parte dos trazados están feitos coa precisión e paralelismo necesarios. A meirande parte das liñas son debuxadas coas minas axeitadas	Unha parte importante dos trazados están feitos sen precisión ou utilizando minas inapropiadas	Non utiliza ben as ferramentas de debuxo(escuadra, cartabón, lápiz). Non hai paralelismo.
<b>ESCALA E TRAZADOS</b>	É quen de realizar os trazados xeométricos básicos e realizar o debuxo a escala	Ten algún erro puntual ao aplicar a escala ou ao facer algún trazado (tanxencias, mediatrices, bisectrices,...)	Comete moitos erros na aplicación da escala ou no trazado de tanxencias, mediatrices ou calquera outro trazado xeométrico.	Non sabe realizar o debuxo a escala e/ou non coñece os métodos de tanxencias ou outros trazados xeométricos básicos
<b>VISTAS</b>	Interpreta e debuxa as vistas correctamente, garda a correspondencia entre vistas, repartindo axeitadamente o espazo de debuxo	Vistas correctas con algún erro puntual que non impida a interpretación do plano. Garda correspondencia entre as vistas	Vistas con algún erro de interpretación. Erra na correspondencia entre algunha das vistas	Todas as vistas mal interpretadas. Non hai correspondencia entre as distintas vistas
<b>ACOUTAMENTO</b>	Acouta utilizando a simboloxía correcta, coas cotas xustas, respectando as normas básicas de acoutamento	Ben acoutado, con algún erro na execución dalgunha cota. Non aparecen cotas duplicadas e respecta as normas básicas de acoutamento	Moitos erros na execución cas cotas e na aplicación das normas básicas de acoutamento.	Non respecta as normas de acoutamento.
<b>PERSPECTIVA E VISIÓN ESPACIAL</b>	É capaz de representar a perspectiva cabaleira unha peza dada polas súas vistas. Recoñece a forma da peza, traza e gradúa ben os eixos, representa o sólido capaz e resolve a figura.	Eixos ben realizados e ben graduados. Sólido capaz ben trazado. Algún erro no trazado das arestas da peza	Eixos ben trazados e graduados. Sólido capaz ben trazado. Non resolve a peza.	Non traza ben os eixos nin o sólido capaz. Peza non resolta



## 4.2 Secuencia didáctica SD2: ESCALAMOS NO ROCÓDROMO COAS NOSAS PRESAS

Fabricaremos presas de escalada para fixalas ao rocódromo do ximnasio.

EA	Actividades	Metodoloxía e recursos necesarios	Temporalización	Procedementos/instrumentos de avaliación
TEB3.1.1 TEB3.1.2	Coñecer aos plásticos -Historia, obtención e clasificación -Secuencias de imaxes e videos sobre o uso dos plásticos a a súa orixe. -Tipos de plásticos e métodos de fabricación. Videos de conformación con plásticos	Clase expositiva apoiada con medios audiovisuais Exercicios individuais da aula planeta.	4 sesións	Corrección dos exercicios
TEB2.2.1 TEB5.3.1. TEB5.3.2.	Investigación dos sistemas de identificación dos envases de plástico e o proceso de reciclaxe dos mesmos.	Procura na aula de informática e elaboración do documento de texto google colaborativo con imaxes.	3 sesións	Valoración do traballo mediante Rúbricas CC
TEB1.1.1 TEB1.2.2.	Deseño dunha presa de escalada -Observación dalgúns tipos de presas comerciais. -Investigación dos métodos para fabricalas. -Selección do método máis axeitado. -Planificación do proceso a seguir	Traballo colaborativo por parellas asistido polo profesor	1 sesión	Valoración por rúbricas da concreción curricular.
TEB1.2.3. TEB5.2.2.	Fabricación da presa. -Moldeo do plástico coa forma desexada. -Fabricación do contramolde cun elastómero. -Fabricación da presa cun termoestable. -Fixación da presa no taboleiro do rocódromo e análise da súa funcionalidade.	Material de seguridade para protección por contacto e inhalación de tóxicos.	5 sesións	
			<b>13 sesións</b>	



### 4.3 Secuencia didáctica SD3: UNHA BOMBA PARA OS ACUARIOS DO CENTRO

Realizaremos diversos montaxes con fontes de tensión, leds e lámpadas, e resistencias.

EA	Actividades	Metodoloxía e recursos necesarios	Temporalización	Procedementos/instrumentos de avaliación
TEB4.1.1 TEB4.2.2	Introducción á electricidade: -Historia. Magnitudes eléctricas. -Ley de Ohm. -Circuitos eléctricos.	Visionado do documental “a chispa” Realización de experiencias. Clase expositiva apoiada con medios audiovisuais. Exercicios individuais da aula planeta.	5 sesións	Participación nas experiencias. (rúbrica CSC).  Valoración dos exercicios coa rúbrica de electricidade
TEB1.2.3 TEB2.1.1 TEB4.2.2 TEB4.3.1 TEB4.2.1 TEB5.2.2. TEB5.3.2.	Primeiros pasos nos circuitos eléctricos -Uso do polímetro -Realización de medicións de magnitudes eléctricas. -Deseño e montaxe de circuitos básicos na protoboard empregando os protocolos de seguridade.	Traballo en pequeno grupo con polímetros, resistencias, pilas leds e protoboard.	3 sesións	Valoración dos traballos coa rúbrica de electricidade e as rúbricas da CC.
TEB1.1.1 TEB1.2.2 TEB1.2.3 TEB4.2.1 TEB4.2.2 TEB4.3.1 TEB4.4.1 TEB5.3.1	Deseño,proba no cocodrile, e montaxe dun circuito que impulse auga cara aos filtros para a súa utilización nos acuarios do centro. Debe indicar que está funcionando mediante un led.	Traballo en pequeno grupo con motores, leds, soldador, pistola termofusible, interruptores.	4 sesións	Verificación do funcionamento do proxecto
TEB1.2.1 TEB1.2.3 TEB2.2.1 TEB5.1.1 TEB5.2.1 TEB5.3.1 TEB5.3.2. TEB5.3.3.	Identificación dos compoñentes eléctricos dentro dun ordenador. Elaboración da documentación do proxecto que inclúa imaxes, debuxos, cálculos e presuposto compartida no google drive. Creación dunha infografía resumo da actividade e presentación en grupo na aula.	Clase expositiva  Traballo en pequeno grupo na aula de informática	7 sesións	Rúbricas da CC. Calidade da documentación Valoración da exposición por rúbrica



EA	Actividades	Metodoloxía e recursos necesarios	Temporalización	Procedementos/instrumentos de avaliación
			<b>19 sesións</b>	

RÚBRICA EJERCICIOS DE ELECTRICIDADE	4 - Óptimo	3 - Notable	2 - Suficiente	1.- Insuficiente
<b>ORDE E LIMPEZA</b>	Exercicio co esquema do circuíto claro e ben feito, indicando as magnitudes e incógnitas. Organización axeitada e resultado destacado.	Exercicio ben feito, indicando as magnitudes e incógnitas. Organización axeitada e resultado destacado. O esquema do circuíto é mellorable	<b>Exercicios lexibles pero mellorables en canto a organización ou/e no esquema do circuíto. Erros moi ocasionais nas unidades utilizadas.</b>	<b>Esquemas con moitos erros e mala organización dos exercicios. Pouca atención nas unidades</b>
<b>USO DOS RECURSOS MATEMÁTICOS</b>	Utiliza ben as ferramentas matemáticas: simplifica, despeza, calcula e respecta os convencionalismos matemáticos.	Non comete erros matemáticos agás en desenvolvementos longos ou complexos.	Comete ocasionalmente erros matemáticos. Tamén amosa dificultades cando utiliza a simboloxía matemática.	Comete erros frecuentemente.
<b>ELEMENTOS DE MANOBRA</b>	Identifica os elementos de manobra nun circuíto, deducindo que partes quedarán activas, e conéctaos sen dificultades .	Identifica os elementos de manobra nun circuíto, deducindo que partes quedarán activas, pero amosa certa dificultade cando ten que conectalos en esquemas con máis dun elemento de conexión. Xeralmente usa a simboloxía axeitada	Identifica os elementos de manobra nun circuíto, pero non os representa coa simboloxía axeitada, e amosa dificultade cando ten que conectalos.	Non conecta, nin representa, nin deduce o funcionamento dos elementos de manobra.
<b>USO DAS LEIS ELÉCTRICAS</b>	Aplica a lei de Ohm sen dificultade. Simplifica os circuítos asociando as resistencias progresivamente até acadar o circuíto equivalente que se precise. Emprega as unidades axeitadas.	Aplica ben a lei de Ohm, e simplifica os circuítos correctamente aínda que ás veces erra no cálculo das resistencias equivalentes en paralelo. Emprega as unidades axeitadas.	Aplica ben a lei de Ohm. Non erra nos circuítos cun máximo de 3 elementos, pero ten dificultade nos circuítos con máis elementos. Emprega as unidades axeitadas case sempre.	Non entende o proceso de cálculo para resolver un circuíto eléctrico
<b>DESEÑO DE CIRCUITOS</b>	Calcula as resistencias de limitación de intensidade antes de montar os circuítos, e as magnitudes eléctricas que resultarán na montaxe	Entende o proceso para calcular as resistencias necesarias pero ás veces erra no cálculo.	Non ten moi claro o proceso de cálculo das resistencias limitadoras, pero unha vez calculada -con axuda- é quen de calcular o resto de magnitudes.	Non sabe calcular ningunha magnitude eléctrica para deseñar un circuíto.
<b>MEDIDA DAS MAGNITUDES</b>	Usa o polímetro seleccionando a escala, e inserindo as sondas no burato que corresponda dependendo da magnitude a medir	Xeralmente usa o polímetro, equivocándose ás veces na selección da escala ou na medida de intensidades	Mide correctamente as resistencias, equivocándose ás veces nas tensións e fallando xeralmente nas intensidades. Erros ocasionais seleccionando a escala	Non sabe seleccionar a escala e non entende a posición na que deben estar as sondas. Evita medir porque non sabe facelo.



RÚBRICA EXPOSICIÓN	4 - Óptimo	3 - Notable	2 - Suficiente	1.- Insuficiente
<b>Adecuación á tarefa e cohesión</b>	Planifica as súas producións acadando abordar todos os puntos a tratar con unha orde lóxica e cohesionada.			
<b>Repertorio léxico e gramatical</b>	Vocabulario preciso e variado. Non hai repeticións. Logra transmitir as ideas centrais.			
<b>Habilidades para a comunicación</b>	A súa dicción é clara e fluida. Exprésase de maneira coherente. Adecúa perfectamente o ton e volume enfatizando cando é necesario. Acompaña con xestos axeitados as súas intervencións			

#### 4.4 Secuencia didáctica SD4: ORGANIZAR A CIRCULACIÓN DO TRÁFICO

Realizaremos un programa que simule un cruce regulado por semáforos.

EA	Actividades	Metodoloxía e recursos necesarios	Temporalización	Procedementos/instrumentos de avaliación
TEB5.3.1 TEB5.3.2	Introducción á linguaxe de programación Scratch. -Escritura guiada de código -Introducción de pequenos cambios no código para observar o que acontece	Traballo guiado por parellas.	5 sesións	rúbricas CC
TEB5.3.1 TEB5.3.2 TEB5.3.3 TEB4.4.1	Creación dun programa que ordene o tráfico nun cruce.	Traballo por parellas asistido polo docente	5 sesións	Verificación dos logros acadados no programa rúbricas CC
			<b>10 sesións</b>	



## 5 ADECUACIÓN AO CURRÍCULO

Estándar de aprendizaxe	CC	Mínimo esixible	SD 1	SD 2	SD 3	SD 4
TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	CSIEE	Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular		✓	✓	
TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.	CAA	Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular	✓		✓	
TEB1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	CSIEE	Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular		✓	✓	
TEB1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.	CSC	Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular	✓	✓	✓	
TEB2.1.1. Interpreta esbozos e bosquexos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.	ESPECÍFICO ÁREA	É quen de obter ou indicar as medidas principais (alto, lonxitude e profundidade) nos obxectos, e representar a súa forma xeral a escala, cunha cantidade reducida de erros	✓		✓	
TEB2.2.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio.	CD	Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular	✓	✓	✓	
TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico, comparando as súas propiedades.	ESPECÍFICO ÁREA	Diferenza as propiedades físicas sen dificultade (dureza-tenacidade-resistencia)		✓		
TEB3.1.2. Explica as técnicas de identificación das propiedades mecánicas dos materiais de uso técnico.	ESPECÍFICO ÁREA	Coñece a técnica para medir a dureza e a tencidade.		✓		
TEB4.1.1. Explica os principais efectos da corrente eléctrica e a súa conversión.	ESPECÍFICO ÁREA	Identifica como mínimo a procedencia eléctrica das enerxías que empregamos nos elementos cotiás. Coñece os efectos de atraccións entre cargas e o quecemento asociado co paso da corrente.			✓	
TEB4.2.1. Utiliza os instrumentos de medida para coñecer as magnitudes eléctricas de circuitos básicos.	ESPECÍFICO ÁREA	Rúbrica de exercicios de electricidade			✓	
TEB4.2.2. Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuitos eléctricos sinxelos.	ESPECÍFICO ÁREA	Rúbrica de exercicios de electricidade			✓	
TEB4.3.1. Deseña e monta circuitos eléctricos e electrónicos básicos empregando lámpadas, zumbadores, díodos LED, transistores, motores, baterías, conectores, condensadores e resistencias.	ESPECÍFICO ÁREA	Rúbrica de exercicios de electricidade.			✓	
TEB4.3.2. Deseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.	ESPECÍFICO ÁREA	Infiere a partir dun circuito básico o que pasará ao cambiar o valor dunha resistencia apoiándose en software específico. E capaz de representar esquemas eléctricos dunha montaxe cunha conexión en paralelo.			✓	




Estándar de aprendizaxe	CC	Mínimo esixible	SD 1	SD 2	SD 3	SD 4
TEB4.4.1. Elabora un programa informático que xestione o funcionamento dun sistema de control.	ESPECÍFICO ÁREA	Co Scrath fai un programa que poña un semáforo en verde e vermello despois dun tempo dado				✓
TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador e é capaz de substituír e montar pezas clave.	ESPECÍFICO ÁREA	Identifica os periféricos, a fonte de alimentación e a placa base.			✓	
TEB5.2.1. Manexa espazos web, plataformas e outros sistemas de intercambio de información.	CD	Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular	✓		✓	✓
TEB5.2.2. Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.	CD	Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular		✓	✓	
TEB5.3.1. Instala e manexa programas e software básicos.	CD	Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular	✓	✓	✓	✓
TEB5.3.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	CD	Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular	✓	✓	✓	✓
TEB5.3.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos con equipamentos informáticos.	CD	Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular			✓	✓



## 6 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

trátase de escribir a fórmula que imos a utilizar para calcular a nota. Indicarase a porcentaxe que ten cada elemento calificable na nota final



A ponderación da nota será:

<b>Contidos específicos da área</b>	Probas escritas Valoración dos traballos Caderno de exercicios, etc	Calificación x 0,5
<b>CSC</b>	Rúbrica da concreción curricular	Calificación x 0,05
<b>CSIEE</b>	Rúbrica da concreción curricular	Calificación x 0,05
<b>CD</b>	Rúbrica da concreción curricular	Calificación x 0,3
<b>CALIFICACIÓN TOTAL</b>		<b>SUMA</b>



## 7 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En canto á atención á diversidade, neste curso non hai ningún estudante con necesidade de ACI. Tampouco hai reforzos. Unha alumna necesita atención domiciliaria por enfermidade, polo que os traballos poderalos enviar a través da plataforma de aula planeta, e a través do profesor asignado de atención domiciliaria.

## 8 ACTIVIDADES DE REFORZO E DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Non temos alumnado con materia pendente Tecnoloxía de 2º da ESO. Aqueles que non superen unha avaliación terán que entregar os traballos asignados no mes de xuño, que consistirán nunha serie de tarefas a través do espazo dixital aula planeta.

## 9 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Prevedemos unha saída a unha empresa de reciclaxe de plásticos no terceiro trimestre.

## 10 PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Para ter en conta os posibles desaxustes da presente programación, e de cara a mellorar a do vindeiro curso, encherase a seguinte táboa de control.

ACTIVIDADE	SESIÓNS PREVIST	SESIÓNS EMPREG	INTERÉS SUSCITADO NO ALUMNADO	OBSERVACIÓNS
Utilización dos instrumentos de debuxo	1		Alto	
			Medio	
			Baixo	
Problemas xeométricos sinxelos	3		Alto	
			Medio	
			Baixo	
Levantamento do plano dunha instalación do Centro	1		Alto	
			Medio	
			Baixo	
Proxeccións e sistemas de representación	1		Alto	
			Medio	
			Baixo	
Realización da figura proxectada no vestíbulo	3		Alto	
			Medio	
			Baixo	



ACTIVIDADE	SESIÓNS PREVIST	SESIÓNS EMPREG	INTERÉS SUSCITADO NO ALUMNADO	OBSERVACIÓNS
Xénese do sistema diédrico. Vistas.	3		Alto	
			Medio	
			Baixo	
Xénese das perspectivas de produtos técnicos	3		Alto	
			Medio	
			Baixo	
Elaboración dunha infografía resumo da actividade	3		Alto	
			Medio	
			Baixo	
Coñecer aos materiais plásticos	4		Alto	
			Medio	
			Baixo	
Investigación dos sistemas de identificación dos envases de plástico	3		Alto	
			Medio	
			Baixo	
Deseño dunha presa de escalada	1		Alto	
			Medio	
			Baixo	
Fabricación dunha presa de escalada	5		Alto	
			Medio	
			Baixo	
Introducción á electricidade	5		Alto	
			Medio	
			Baixo	
Uso do polímetro. Montaxe de circuitos básicos.	3		Alto	
			Medio	
			Baixo	
Deseño, proba no cocodrile, e montaxe dunha bomba	4		Alto	
			Medio	
			Baixo	
Identificación dos compoñentes dun ordenador.	1		Alto	
			Medio	
			Baixo	
Elaboración colaborativa da documentación.	3		Alto	
			Medio	
			Baixo	
Creación dunha infografía resumo da actividade e presentación en grupo	3		Alto	
			Medio	
			Baixo	



ACTIVIDADE	SESIÓNS PREVIST	SESIÓNS EMPREG	INTERÉS SUSCITADO NO ALUMNADO	OBSERVACIÓNS
na aula				
Introducción á linguaxe de programación Scratch.	5		Alto	
			Medio	
			Baixo	
Creación dun programa que ordene o tráfico nun cruce.	5		Alto	
			Medio	
			Baixo	